

ACTA

Mesa de coordinación interna do programa CAI

13/05/2025

Hora: 09,30h

Lugar: Sala de Xuntas do concello de Teo

Orde do día:

Deliberacións:

1. **Aprobación da acta da última sesión.** Apróbase por unanimidade a acta da sesión celebrada o 11 de febreiro de 2025.
2. **Celebración do CLIA do 19 de maio.** Explícase a orde do día da sesión, sobre todo, o punto 3. Solicitudes realizadas para unha participación significativa: **rendición de contas, Transparencia e inclusividade:** achegar máis información á mocidade do concello sobre os distintos espazos de participación posibles: acción deles dos taboeiros. **protección e bo trato:** queremos que se fomenten máis espazos libres de calquera tipo de abuso ou violencia onde poidamos falar sen medo, crear espazos seguros ou expresarnos libremente, **-democracia e autonomía:** publicitar máis as oportunidades de participación nas que sexamos nós quen deseñemos, creemos e propoñamos, non só asistamos. En canto ao punto 2 infórmase de que a presentación da actividade deste ano realizada polas Toupas de Teo e que se realizou a semana pasada nos coles de primaria e esta semana no instituto será en formato máis informal e lúdico que o habitual.
3. **Outros.** Infórmase do **proceso de renovación de vogais no CAIA**, a selección da titular elixida máis do primeiro suplente, Julia e Aurelio. A toma de posesión está prevista o día 21 de maio, achegarase máis información sobre a orde do día cando nola remitan. Por outra banda, e dado que Irene Iglesias remata a lexislatura no CLIA logo de seis anos de participación intensa, propónse facerlle unha pequena homenaxe no marco da celebración da *Mesa Comunitaria*, que está prevista convocar a finais do mes de xuño. Outro tema que se informa e que se falará tamén no CLIA é a celebración das *Xornadas Cidades Amigas da Infancia* o próximo 4 de xuño, onde se celebrará unha mesa redonda con experiencias dos concellos de Burela, Ponteareas e Moaña e que está dirixida a persoal técnico, político e entidades colaboradoras, profesionais e demais persoal interesado na defensa dos dereitos da infancia. Infórmase tamén de que na actualidade estamos pendentes da **Apertura da plataforma neste mes para facer o informe intermedio**, requisito da credencial e que requirirá da súa colaboración ata o seu envío que se procurará que sexa no mes de outubro ou

novembro, xa que o prazo finaliza en decembro de 2025. Por último, infórmase da **Celebración do Encontro Galego de Cidades amigas da infancia que será en Nigrán entre o 17 e 19 de outubro de 2025.**

Sobre próximas actividades das concellerías Silvia, a técnica de informática informa que se vai facer un *curso de mecanografía para nenas e nenos de 9 a 14 anos*. O concelleiro de Deportes informa de que a finais de maio, o día 31 vai estar prevista unha actividades para adolescentes de torneos de videoxogos e que nos enviarán o cartel.

Juan Jesús Cerqueiro Pintos

Concelleiro de Servizos Sociais, Familia, Infancia, 3ª Idade e Relacións Veciñais

Teo, 13/05/2025.